



ORDENANZA MUNICIPAL Nº 32 **Reguladora das actuacións sometidas ao réxime de** **comunicación preiva**

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- OBXECTO

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación dos supostos denominados actuacións comunicadas nas que para o seu exercicio ou execución substitúese a necesidade de obtención de licenza por unha comunicación preiva, por escrito, do interesado á Administración municipal cando se trate de obras non suxeitas a licenza municipal preiva, ou para o exercicio de actividades non suxeitas a licenza municipal preiva.

ARTIGO 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Están sometidos ao ámbito de aplicación desta ordenanza todo tipo de actos de edificación e uso do solo e subsolo, así como o exercicio de actividades ou servizos que non estén suxeitas a licenza municipal preiva conforme a normativa vixente e cada momento. Será posible o control posterior das devanditas actuacións, co obxecto de comprobar fehacientemente a veracidade do comunicado e a súa adaptación á normativa vixente que sexa de aplicación en cada suposto.

ARTIGO 3.- COMUNICACIÓN PREVIA: CONCEPTO E REQUISITOS MÍNIMOS

1. Para os efectos desta ordenanza enténdese por comunicación preiva o documento mediante o cal os interesados poñen en coñecemento da administración pública competente os seus datos identificadores e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou inicio dunha actividade, consonte co establecido na normativa de procedemento administrativo.
2. A comunicación preiva formularase a instancia de calquera persoa interesada ou a través de representante autorizado e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Con carácter xeral precisarase para todos os supostos.
 - a) Instancia cos datos persoais de identificación e dirección a efectos de notificacións.
 - b) Declaración, asinada polo solicitante e, se é o caso, o técnico ou profesional interviniente, de que os datos e documentos achegados son fiel reflexo da actividade e/ou obra que se pretende e do estrito cumprimento da legalidade vixente.
 - c) Fotocopia do NIF ou do DNI.
 - d) Acreditación de representación, no seu caso, tanto a título particular legal, como profesional.

- e) Dirección da obra ou actividade a realizar
- f) Xustificante bancario de pago da autoliquidación dos tributos aplicables.
- g) Plano de situación da leira ou local, do vixente Plan Xeral, e do catastro con indicación da mesma.

CAPÍTULO II: TRÁMITE MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES

ARTIGO 4.- RÉXIME XERAL

De acordo coa normativa vixente suprimese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, salvo as que por norma esixan licenza municipal previa.

O Concello de Cortegada velará polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobará, controlará e inspeccionará as actividades.

ARTIGO 5.- ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

Para os efectos da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, entenderase por espectáculos públicos as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública, de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

2. Entenderase por actividades recreativas aquelas que ofrecen ao público, espectadores ou participantes, actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

3. Mediante lei do Parlamento de Galicia establecerase o réxime xurídico relativo á organización e ao desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

4. A apertura dos establecementos públicos e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas ao réxime de comunicación previa prevista na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, agás nos casos en que por razóns de interese xeral sexa necesario a obtención de licenza municipal, conforme o establecido nesa lei.

ARTIGO 6.- COMUNICACIÓN PREVIA

1. Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello comunicación previa, que se formulará segundo o modelo que figura como anexo I nesta ordenanza, na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
 - e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
 - f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
 - g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013, do 19 de decembro.
2. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarse coa comunicación previa prevista na normativa urbanística e recollida na presente ordenanza ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. Logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade.
3. Sométese tamén ao réxime de comunicación previa o cambio de titularidade das actividades e instalación, e quen exerza a nova titularidade deberá comunicalo por escrito ao concello, segundo o modelo que figura como Anexo II nesta ordenanza.
4. Toda a documentación requirida neste artigo poderá presentarse telematicamente. As comunicacións e resolucións da Administración tramitaranse do mesmo xeito.

ARTIGO 7.- AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

1. As actividades ás cales non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o artigo anterior.
2. Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarse a comunicación previa prevista no artigo anterior perante o concello respectivo, na cal, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:
- a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.
 - b) Declaración de incidencia ambiental.
 - c) Certificación do/a técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.
3. Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

ARTIGO 8. PROCEDIMENTO

1. A comunicación deberá efectuarse no impreso normalizado facilitado pola Administración municipal e ser presentada no rexistro xeral do Concello, debidamente cumprimentado e acompañada da documentación xeral e específica para cada suposto, podendo presentarse igualmente noutros rexistros públicos de conformidade co previsto respecto diso na Lei 30/1992.
2. Analizada a documentación achegada coa comunicación, e en función da adecuación ou non do seu contido ás prescricións da presente ordenanza, a tramitación dos actos comunicados proseguirá e/ou concluirá dalgunha das seguintes formas:
- a) Cando do exame da documentación resulte esta incompleta, será requirido para a subsanación correspondente, a tenor do disposto no artigo 71

da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O requirimento de emendas de deficiencias interromperá o cómputo dos prazos previstos nesta ordenanza, que empezarán a computarse de novo, unha vez salvado o trámite de que se trate.

Se o interesado en exerce-la actividade non corrixe os defectos requiridos, a Alcaldía, que é o órgano competente, declarará, a ineficacia da comunicación recibida, requirindo ó interesado para que cese na actividade, se xa a ten iniciada.

b) En caso de que a actividade non se atope incluída entre as que son obxecto de comunicación previa, o alcalde no prazo de 15 días hábiles ditará unha resolución, na que declare a ineficacia da comunicación e requirirá ó interesado para que solicite oportuna licenza, e darase por concluído o expediente, podendo este prazo ampliarse por razóns xustificadas.

c) Nos demais casos completárase a comunicación cun informe de conformidade dos servizos técnicos no prazo de 15 días hábiles dende que esté completa a documentación requerida para a realización da comunicación previa, estimándose concluído o procedemento e arquivándose sen máis trámites a comunicación, sen prexuízo da liquidación que proceda, e da notificación que sexa necesaria posteriormente.

ARTIGO 9. INEXACTITUDE, FALSIDADE OU OMISIÓN NOS DATOS ACHEGADOS NA COMUNICACIÓN PREVIA

1. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

2. A resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo 1 comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

ARTIGO 10. MODIFICACIÓNS DAS ACTIVIDADES

1. Quen exerza a titularidade das actividades debe garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.

2. Quen exerza a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.

3. Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos desta ordenanza, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

ARTIGO 11. COMPETENCIAS

1. As actividades quedan suxeitas ás potestades administrativas da Xunta de Galicia así como ás do concello respectivo no ámbito das súas competencias. Os concellos poden adoptar, en calquera caso, medidas cautelares cando se dean motivos de urxencia ou gravidade.

2. A competencia administrativa en materia de control das actividades esténdese ás facultades de comprobación, inspección, sanción e demais medidas de control para garantir que o exercicio da actividade ou a execución da obra ou instalación se adecuan á normativa vixente e, sen prexuízo do disposto na normativa urbanística, comprenderá as seguintes potestades:

a) A comprobación e inspección de instalacións, establecementos e actividades.

b) A incoación, tramitación e resolución dos procedementos de modificación, caducidade ou declaración de ineficacia da comunicación previa.

c) A incoación, tramitación e resolución de procedementos sancionadores, de responsabilidade patrimonial e de restablecemento da legalidade e mais a execución, se é o caso, das resolucións ditadas nestes.

d) A adopción das medidas de carácter preventivo con carácter previo á incoación ou con ocasión da tramitación de calquera dos procedementos sinalados nas alíneas anteriores.

3. Para o restablecemento da legalidade en materia de actividades seguirase o procedemento para a protección da legalidade establecido na normativa urbanística.

4. O procedemento sancionador será o previsto con carácter xeral para o exercicio da potestade sancionadora e axustarase ao previsto na normativa vixente.

ARTIGO 12. ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN

1. Sen prexuízo das facultades de control establecidas no artigo anterior, os/as interesados/as poden solicitar a realización dunha inspección de comprobación do local ou do establecemento, que terá por obxecto a adecuación deste á normativa aplicable e o cumprimento das condicións legais e técnicas da actividade.

2. Realizada a solicitude prevista no parágrafo anterior, no prazo máximo de tres meses desde a solicitude do particular, o concello remitirá a quen o solicitase o resultado da actuación inspectora. Sinalarase expresamente se se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento ou, en caso contrario, sinalaranse os incumprimentos ou as deficiencias detectados e concederase un prazo de emenda. O transcurso do prazo sen que se corrixa as deficiencias dará lugar, logo de audiencia da persoa interesada, á adopción das medidas previstas no artigo anterior.

ARTIGO 13. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

1. As actividades e as obras necesarias para o seu exercicio que promovan órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público estarán suxeitas a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou, de ser o caso, comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable e nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As actividades municipais e as obras necesarias para o seu exercicio entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do órgano competente do concello, logo de acreditación no expediente do cumprimento da normativa.

ARTIGO 14.- EFECTOS DA COMUNICACIÓN PREVIA

1. A comunicación efectuada en forma permitirá exclusivamente o desenvolvemento da actividade concreta para a cal se efectuou, unha vez transcorrido o prazo sinalado no apartado 2 deste artigo. A efectividade da comunicación entenderase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos de terceiros.

A comunicación previa non terá ningún efecto en relación con calquera outros procedementos de autorización nos que o comunicante figure como interesado. En particular, non terá efectos

respecto dos procedementos de solicitude de licenzas ou autorizacións que sexan esixibles, aínda cando estean relacionados coa actividade obxecto de comunicación previa.

2. Ata que non transcorra o prazo de 15 días hábiles dende a entrada da comunicación no rexistro correspondente, non poderá iniciarse a actividade, sempre e cando reuna todos os requisitos esixidos para realizar a comunicación previa e a documentación esté completa e se cumpra coa normativa vixente.

3. O interesado deberá ter a disposición das distintas administracións o escrito de comunicación de inicio da actividade.

4. O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao concello para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a.

ARTIGO 15. COMUNICACIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, se é o caso, nas comunicacións previas recibidas, serán comunicados á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio.

CAPITULO III. COMUNICACIÓN PREVIA URBANISTICA

ARTIGO 16.- RÉXIMEN XERAL.

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente capítulo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

ARTIGO 17.-COMUNICACIÓN PREVIA

1. Cando se trate de actos suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, o promotor dos actos de uso do solo e do subsolo previstos no número anterior comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data en que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución. A comunicación – formulada segundo o modelo que figura como anexo III nesta ordenanza- ademais da documentación xeral prevista no artigo 3 desta ordenanza, deberá ir acompañada de:

a) Descrición suficiente das características do acto de que se trate.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) De ser o caso, proxecto técnico exixible legalmente e declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

d) Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente exixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.

- e) Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
 - f) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
 - g) Declaración de que as obras non afectan a fachada ou outros elementos estruturales, nin supoñen cambios nas aberturas, paredes e teitos, nin modifican a distribución interior do edificio.
2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, de ser o caso, poñeranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 6 da presente ordenanza.
3. Cando se deban realizar diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmovible, presentarse unha única comunicación previa.
4. Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

ARTIGO 18.- PROCEDEMENTO

1. A comunicación deberá efectuarse no impreso normalizado facilitado pola Administración municipal e ser presentada no rexistro xeral do Concello, debidamente cumprimentado e acompañada da documentación xeral e específica para cada suposto, podendo presentarse igualmente noutros rexistros públicos de conformidade co previsto respecto diso na Lei 30/1992.
2. Analizada a documentación achegada coa comunicación, e en función da adecuación ou non do seu contido ás prescricións do presente procedemento, a tramitación dos actos comunicados, proseguirá e/ou concluirá dalgunha das seguintes formas:
- a) Cando do exame da documentación resulte esta incompleta, será requirido para a subsanación correspondente, a tenor do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
O requirimento de emendas de deficiencias interromperá o cómputo dos prazos previstos nesta ordenanza, que empezarán a computarse de novo, unha vez salvado o trámite de que se trate.
Se o interesado en realizar a obra non corrixe os defectos requiridos, a Alcaldía, que é o órgano competente, declarará a ineficacia da comunicación recibida.
No caso de que existan deficiencias na documentación presentada por falta de documentación ou inadecuación da presentada á normativa vixente o Concello adoptará motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, e comunicarallas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.
O concello deberá ditar a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou os actos á ordenación urbanística dentro dos quince días seguintes ao da adopción de calquera medida provisional. A orde que se dite producirá os efectos propios da licenza urbanística.
 - b) En caso de que a obra non se atope incluída entre as que son obxecto de comunicación previa, o alcalde no prazo de 15 días hábiles ditará unha resolución na que declare a ineficacia da comunicación e requirirá ó

interesado para que solicite oportuna licenza, e darase por concluído o expediente, podendo este prazo ampliarse por razóns xustificadas.

c) Nos demais casos completárase a comunicación cun informe de conformidade dos servizos técnicos, estimándose concluído o procedemento e arquivándose sen máis trámites a comunicación, sen prexuízo da liquidación que proceda, e da notificación que sexa necesaria posteriormente.

ARTIGO 19. EFECTOS DA COMUNICACIÓN.

1. A comunicación efectuada en forma permitirá exclusivamente a realización do acto do solo ou subsolo para a cal se efectuou, unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles dende a presentación da comunicación que reuna todos os requisitos e denden que se presentara a documentación completa e sempre que sexa conforme coa normativa vixente. A efectividade da comunicación entenderase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos de terceiros.

2. A comunicación previa non terá ningún efecto en relación con calquera outros procedementos de autorización nos que o comunicante figure como interesado.

3. O interesado deberá ter a disposición das distintas administracións o escrito de comunicación de inicio da obra.

4. A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das

obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

5. O réxime procedimental a que estas actuacións se suxeitan non exonera aos titulares das mesmas das súas obrigacións de carácter fiscal, administrativo ou civil establecidas na normativa vixente que sexa de aplicación.

6. Nunca fornecerá efecto se con ela preténdese levar a cabo unha ocupación do dominio público.

7. As obras menores deberán realizarse no prazo de tres meses desde a data da comunicación.

Transcorrido este prazo o interesado poderá solicitar prórroga da comunicación previa para a execución das obras. Dita prórroga solicitada poderá alcanzar até un máximo de tres meses de prazo.

Transcorridos ou incumpridos os prazos a que se refire o parágrafo anterior, o órgano competente declarará, de oficio ou a instancia de calquera persoa, a caducidade da comunicación previa, previa audiencia en todo caso do interesado.

8. En ningún caso poden realizarse obras ou actuacións en contra da lexislación vixente na materia ou do plan urbanístico.

Ademais cumprirán cantas disposicións vixentes en materia de edificación, seguridade e saúde no traballo deban contemplarse no exercicio da actividade inmobiliaria.

9. Non poderán ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que incorresen os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

10. As comunicacións previas serán transmisibles, pero o antigo e o novo titular deberán comunicalo por escrito ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación amparada pola comunicación previa.

11. Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os danos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a manter estes en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

12. Quedará prohibido colocar nos espazos públicos estadas, escaleiras, máquinas, ferramentas, útiles ou instrumentos, así como calquera clase de obxectos e materiais de construción que poidan entorpecer o tránsito público, e non dispoñan de autorización específica.

ARTIGO 20.- INEXACTITUDE, FALSIDADE OU OMISIÓN NOS DATOS ACHEGADOS NA COMUNICACIÓN PREVIA.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

CAPÍTULO IV. INSPECCION.

ARTIGO 21. RÉXIME DE INSPECCIÓN.

1. Será posible o control posterior das actividades co obxecto de comprobar fehacientemente a veracidade do comunicado e a súa adaptación á normativa vixente que sexa de aplicación en cada suposto.

2. O persoal designado para realizar labores de inspección das actividades gozará, no exercicio das súas funcións, da consideración de axente da autoridade, para efectos do disposto na lexislación penal, estando facultado para acceder, previa identificación e sen previo aviso, ás instalacións abertas ó público co fin de comproba-lo cumprimento do disposto nesta ordenanza.

3. Os titulares de actividades deberán presta-la colaboración necesaria ós inspectores, co fin de permitirlles realizar calquera exame, control, tomas de mostras e recollida da información necesaria para o cumprimento da súa misión.

ARTIGO 22. DENUNCIAS.

1. Calquera persoa física ou xurídica poderá denunciar, por escrito, ante o concello, aquelas actividades que contraveñan as prescricións desta ordenanza.

2. De resulta-la denuncia temerariamente infundada serán de cargo do denunciante os gastos que se orixinen pola inspección que o concello realice.

DISPOSICION DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente Ordenanza quedará derogada a Ordenanza das Actividades Comerciais sometidas ao Réxime de Comunicación Previa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 21 de setembro de 2011 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº. 272 do 1 de decembro de 2011.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cortegada, 13 de xuño de 2014.

O alcalde.

Avelino Luis de Francisco Martínez

BOP. nº 134 – 13/07/2014